

DECRETO CONVOCATORIA XGL. EXPTE Nº: 2024/G005/000052

Excma. Sra. alcaldesa presidenta do Excmo. Concello de Lugo, D.^a MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO.

En virtude das atribucións que me confiren os artigos 124.4.d) do texto vixente da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e 61.1.c) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración local de Galicia, **CONVOCO** sesión extraordinaria e urxente da **Xunta de Goberno Local**, que terá lugar no Salón de Comisións o vindeiro **luns, día 16 de decembro de 2024, ás 10.30 horas**, de acordo coa seguinte orde do día confeccionada para o efecto:

1. RATIFICACIÓN DA URXENCIA DA CONVOCATORIA DA SESIÓN.

ÁREA DE GOBERNO DE XESTIÓN INTEGRAL DE RECURSOS INTERNOS

CONTRATACIÓN E PATRIMONIO

2. CONTRATACIÓN DE DOUS CONCERTOS DE DONA AINHOA ARTETA QUE SE CELEBRARÁN OS DÍAS 20 E 22 DE DECEMBRO DE 2024. PROPOSTA DE APROBACIÓN DO PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES ASÍ COMO DO GASTO E A ADXUDICACIÓN POR PROCEDEMENTO NEGOCIADO SEN PUBLICIDADE. APERTURA DO PROCEDEMENTO DE CONTRATACIÓN, EXP. REF. 2024-C005-000008.

ÁREA DE GOBERNO DE DINAMIZACIÓN ECONÓMICA E RELACIÓNS INSTITUCIONAIS

DEPORTES

3. PROPOSTA DE APROBACIÓN DAS BASES XERAIS REGULADORAS E CONVOCATORIA PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIÓNS ÁS ASOCIACIÓNS DEPORTIVAS E PERSOAS XURÍDICO-PRIVADAS SEN ÁNIMO DE LUCRO, QUE DESENVOLVEN A SÚA ACTIVIDADE NO EIDO DE DEPORTES (ÁREA DE DINAMIZACIÓN ECONÓMICA E RELACIÓNS INSTITUCIONAIS) E PARA A PROMOCIÓN E O FOMENTO DO DEPORTES E ACTIVIDADE FÍSICA NO CONCELLO DE LUGO MEDIANTE TRAMITACIÓN ANTICIPADA DE GASTO, EXERCICIO ECONÓMICO 2025.

O que se comunicará ós membros da Xunta, coa remisión da convocatoria e coa indicación de que, no caso de non poder asistir, deberán comunicarllo á Alcaldía coa antelación suficiente. A documentación dos asuntos incluídos na orde do día atópase a disposición dos membros da Xunta, a partir da data desta convocatoria, no Servizo de Actas e Goberno.

Xustifícase o carácter extraordinario de sesión na necesidade perentoria de tratar os asuntos que figuran na orde do día.

Así mesmo, ó abeiro do disposto no artigo 126.5 da Lei 7/1985, convóquese á sesión á secretaria xeral do Pleno, por suplencia do vicesecretario accidental, como órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, e ó interventor xeral municipal.

Para os efectos da válida constitución da Xunta de Goberno Local, estarase ó disposto no artigo 126 da Lei 7/1985 e 16.4 do Regulamento orgánico municipal do goberno e administración do Concello de Lugo. De non se poder celebrar a sesión por falta do número legal de asistentes, a maioría absoluta dos seus membros, terá lugar en segunda convocatoria, unha hora despois da sinalada para a primeira, sempre que o número de asistentes non sexa inferior a un terzo dos seus compoñentes, que non poderá ser inferior a tres.

Cúmprase.

Asinado dixitalmente pola Alcaldesa-Presidenta,